Lingua valoa

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **valón**[1] (*walon*) é unha lingua romance que se falaba polo pobo valón como primeira lingua en gran parte (70%) da Rexión Valoa de Bélxica e algunhas vilas do norte de Francia (preto de Givet) até mediados do século XX. Pertence ao grupo de linguas de oïl, cuxo membro máis prominente é a lingua francesa. Os antecedentes históricos da súa formación foi a extensión do territorio, xa dende o 980, do Principado de Liexa, ao sur e ao oeste.

A pesar da súa rica literatura, a cal comezou de forma anónima no século XVI e con autores coñecidos dende 1756, o uso do valón diminuíu notablemente dende a anexión francesa de Valonia en 1795. Este período estabeleceu na zona ao francés como lingua da prestixio social, moito máis do que podía ser antes. Aínda que Bélxica obtivo a súa independencia en 1830, o francés estableceuse como o idioma principal no ensino en gran parte do país. Despois de Primeira Guerra Mundial, as escolas públicas proporcionaron educación en lingua francesa a tódolos nenos, inducindo unha denigración do valón e acompañado dunhas ordes oficiais en 1952 para castigar o seu uso nos centros de ensino. Posteriormente, dende mediados do século XX, a transmisión xeracional da lingua reduciuse, convertendo ao valón practicamente nunha lingua morta. Hoxe en día apenas é falado entre os mozos.

Numerosas asociacións, especialmente compañías de teatro, están a traballar para manter a lingua viva. A nivel gobernamental, o valón está oficialmente recoñecido como unha *langue régionale endogène* (lingua rexional endóxena). O sistema Feller (1900) regulariza a transcrición dos diferentes acentos. Ademais, dende a década de 1990, estableceuse unha ortografía unificada, que non goza de recoñecemento oficial. Cómpre non confundir o valón co francés de Valonia, o cal difire do francés falado en Francia nalgúns puntos menores do léxico e a pronuncia.

Valón ***Walon***	
Falado en:	Bélxica Francia
Total de falantes:	600.000 est.
Posición:	237
Familia:	Indoeuropea Itálica Románica Ítalo-occidental Galo-Ibérica Galo-Románica Oïl **Valón**
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	`wa`
ISO 639-2:	`wln`
ISO 639-3:	`wln (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=wln)`



Notas

1. Definicións no *Dicionario da Real Academia Galega* (http://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/valón) e no Portal das Palabras (http://portaldaspalabras.gal/dicionario/procura/valón) para *valón*.

Véxase tamén

Ligazóns externas

- O valón en Ethnologue (http://www.ethnologue.com/show_language.asp?code=wln)



Wikimedia Commons ten máis contidos multimedia na categoría: ***Lingua valoa***



Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua valoa***

Traído desde "https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Lingua_valoa&oldid=5312904"